



# CDR ANCARES, PROGRAMAS

## 4. URXENCIA

### PROBLEMÁTICA

En Cervantes as urxencias están enmarcadas no contexto de xeral de exclusión xeográfica: illamento, soidade, dispersión e distancia dos centros sanitarios e comerciais sen transporte público minimamente adecuado e eficaz, baixa autoestima, infraestruturas e servizos deficientes e pouco adaptados.

- Persoas con dificultades para elaborar ou presentar documentación á Administración Pública.
- Existe un grupo de 12-15 persoas case "*border line*" que nos ocupan bastante tempo e preocupación: saben manexarse na cotiandade dunha aldea de montaña pero diante de calquera alteración non saben adaptarse e precisan de axudas puntuais que varían desde asesoramento e acompañamento para calquera actividade que implique explicarse ou entender con certa precisión temas non habituais ata apoio en conflitos veciñais. Con este colectivo é importante implicar á veciñanza, algo que na maioría dos casos é fácil pero hai 2-3 casos que resultan conflictivos e hai que saber mediar.
- Existe outro grupo numeroso de persoas que teñen serias dificultades para acceder ós servizos públicos. O feito de que non haxa transporte público carrega nefastas consecuencias para este grupo o mesmo que pasa coa modernización das administracións e da maioría das xestións. Información, acompañamento e apoio nas reclamacións é o que máis se nos demanda.
- Persoas que viven soas e non contan cunha rede familiar e veciñal de apoio solvente.

A maioría destas persoas carecen de medios económicos suficientes para cubrir as súas necesidades básicas, xa que as pensións son moi baixas; bastantes habitan vivendas en malas condicións.



## OBXECTIVOS ESPECÍFICOS E INDICADORES DE AVALIACIÓN

Obxectivo	Indicador
Proporcionar bens de primeira necesidade e outros recursos básicos a persoas en situación de especial vulnerabilidade.	<ul style="list-style-type: none"><li>• N° de persoas ás que se lles proporciona bens de primeira necesidade.</li><li>• N° de reparticións.</li></ul>
Capacitar ás persoas con habilidades sociais para xestionar o seu día a día (xestión do diñeiro, compras, limpeza do fogar, hábitos de hixiene...).	<ul style="list-style-type: none"><li>• N° de actuacións realizadas.</li><li>• N° de persoas atendidas.</li></ul>
Motivar para reforzar a idea de loitar por cambiar a situación.	<ul style="list-style-type: none"><li>• N° de persoas atendidas.</li><li>• N° de melloras observadas.</li></ul>
Prestar especial apoio ás familias con nenos/as.	<ul style="list-style-type: none"><li>• N° de nenos/as os/as que se lle proporciona apoio mediante este programa.</li></ul>
Manter unha coordinación continuada e periódica cos axentes sociais das zonas nas que se executa o programa.	<ul style="list-style-type: none"><li>• N° de reunións de coordinación <i>interdisciplinar</i> con axentes externos ó CDR.</li></ul>



c.d.r. ancares

## ACTIVIDADES

- Información, valoración e asesoramento persoal.
- Servizos de apoio a actividades básicas da vida cotiá.
- Apoio psico-social. Formación en habilidades básicas (alimentación, hixiene, economía familiar...). Actividades de socialización.
- Xestión de aloxamentos alternativos.
- Cobertura de necesidades básicas: alimentación, hixiene, menciñas e outros bens de primeira necesidade. Pagos de alugueiros e subministracións básicas.
- Coordinación *interdisciplinar* cos servizos sociais comunitarios básicos e especializados.
- Acompañamento para a inclusión social (apoiado en visitas de adhesión a tratamentos, centros hospitalarios, visitas ó domicilio)
- Doazóns, colaboracións, eventos benéficos. Recollida, selección e entrega de roupa e outros útiles.
- Captación, formación e coordinación de voluntariado.
- Sesións de formación sobre hixiene persoal e da casa.